

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICADO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 06 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL (POS+2021)(AVSS 03007 24/22) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2023033922). Examinada a

proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

I.- O Pleno da Corporación municipal en sesión de 28.01.2021 acordou participar no PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan Único de Concellos) “POS+2021” e aprobar os proxectos dos investimentos entre os que se atopa incluída a obra obxecto deste expediente.

II.- Consonte o disposto na Circular de aprobación do POS+2021 de xullo de 2021, a contratación das obras farase utilizando os Pregos Tipo de cláusulas Administrativas Particulares que, na actualidade, son os aprobados polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP nº 42 do 4 de marzo do 2021 (corrección de erros no BOP nº 46 de 10 de marzo do 2021) e na páxina web www.dacoruna.gal/contratación/pregos-tipo, debendo cumprimentarse en cada expediente o cadro de características do contrato e os Anexos, no su caso. Figura como Anexo a dita Circular o seguinte cadro de financiación da obra:

Código	Denominación	Deputación	Concello	Total	Condición
2021.2100.0026. 0	Aparello elevador edificio social AAVV Mandiá	55.749,70 €	0,00 €	55.749,70 €	

III.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.07.2023 aprobouse o expediente de contratación administrativa das obras de instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá, incluída no Plan de Obras e Servizos POS+2021, consonte o Proxecto asinado polo arquitecto don Ramón Montero Cereijo en data 26.01.2021 outorgándollo e número de expediente AVSS 03007 23/18.

IV.- Con data 20.07.2023 publicouse anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) outorgando un prazo de 10 días hábiles para presentación de ofertas que remataba o 4.08.2023 ás 23:59 horas.

V.- Con data 11.08.2023 reuniuse a Mesa de Contratación Permanente para tomar coñecemento do procedemento seguido, da data de remate do prazo de licitación e da inexistencia de licitadores interesados que presentasen ofertas dentro do prazo establecido polo que acordou elevar proposta de declaración de deserto do procedemento.

VI.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.08.2023 declarouse deserto o expediente de contratación administrativa das obras de instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá (AVSS 03007 23/18).

VII.- Con data 25.01.2024 o arquitecto redactor don Ramón Montero Cereijo asina un novo Proxecto cunha actualización de prezos ao valor de mercado que substitúe ao anterior de data 26.01.2021. O referido proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 13.02.2024 e polo Pleno da Deputación Provincial en data 1.04.2024, co seguinte cadro de financiación da obra:

Código	Denominación	Deputación	Concello	Total	Condición
2021.2100.0026. 0	Aparello elevador edificio social AAVV Mandiá	55.749,70 €	21.672,76 €	77.422,46 €	

Por resolución nº 45897 de data 28.11.2023 do presidente da Excma. Deputación de A Coruña concedeuse unha prórroga do prazo de adxudicación dos investimentos pendentes de adxudicar incluídos no POS+2021 ata o 30 de novembro de 2024.

VIII.- O concelleiro delegado da área promotora remite ao servizo de Contratación a solicitude de inicio dun novo expediente de licitación para a contratación das obras de Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá (POS+2021), consonte o Proxecto da obra actualizado.

En cumprimento das **actuacións preparatorias do contrato de obras**, previstas nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), constan incorporados ao expediente o Proxecto da obra asinado polo arquitecto don Ramón Montero Cereijo en data 25.01.2024; informe favorable de viabilidade urbanística e de supervisión do proxecto asinado polo arquitecto municipal en data 7.02.2024; informe técnico xurídico de data 5.02.2021 (Anexo VI Bases POS+2021) sobre dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución, certificado do inventario municipal de bens de data 9.04.2024; informe técnico de data 5.02.2021 (Anexo V Bases POS+2021) no que, entre outras cuestións, se pronuncia sobre a adecuación do proxecto á lexislación urbanística e sectorial e á normativa do PXOM do concello de Ferrol; certificado de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local en data 13.02.2023; autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea de data 14.12.2021 (Expediente O21-0884) e informe técnico de data 10.07.2023 sobre adecuación do proxecto ás condicións da referida autorización de AESA. Consonte o disposto no artigo 236 LCSP, incorpórase acta de replanteo favorable do Proxecto de data 18.04.2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 116 e concordantes da LCSP, en relación á **documentación integrante do expediente de contratación**, constan incorporados ao expediente a memoria xustificativa da necesidade do contrato asinada pola xefa de sección do departamento promotor en data 20.09.2023; o informe relativo á proposta de criterios de adxudicación e demais mencións propostas para este contrato asinado polo arquitecto municipal en data 4.03.2024; e o informe de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade asinado pola xefa de sección do departamento promotor en data 21.09.2023. Consta no expediente dilixencia da xefa de servizo do departamento promotor na que amosa a súa conformidade á documentación preparatoria do expediente da obra (Cívidas 2023033922).

O orzamento do contrato ascende á cantidade de 77.422,46 € (21% de IVE incluído) e o prazo de execución previsto no proxecto é de 3 meses dende a sinatura da acta de comprobación do replanteo. O valor estimado do contrato, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP ascende á cantidade de 63.985,50 €. O gasto imputarase á

aplicación orzamentaria 03007-1522-62300 na que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación no exercicio 2024 (RC nº 224101384 GFA 21p+2107).

Tendo en conta as características do contrato o procedemento para a súa adxudicación será o procedemento aberto simplificado abreviado cun único criterio de adxudicación, tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 131, 159.6, 145, 146 e concordantes da LCSP.

A aprobación do expediente irá **precedida dos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais** (DA 3ª da LCSP, apartados 3 e 8).

Unha vez completado o expediente de contratación, dictarase resolución aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e a aprobación do gasto. A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP nº 241 de 20.12.2023).

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e Disposición Adicional Segunda da LCSP, **proponse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de **INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL (POS+2021)** consonte o Proxecto asinado polo arquitecto don Ramón Montero Cereijo en data 25.01.2024 e outorgarlle o número de expediente AVSS 03007 24/22.

SEGUNDO.- Aplicar ao presente expediente os Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicados no BOP nº 42 do 4 de marzo do 2021 (corrección de erros no BOP nº 46 de 10 de marzo do 2021) e aprobar o anexo I, anexo II, anexo IV, anexo V, anexo VI e anexo IX dos referidos Pregos-Tipo que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación) da obra de **INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ**

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe máximo de 77.422,46 € (21% de IVE incluído) e imputalo á aplicación 03007-1522-62300 do orzamento municipal.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 LCSP, cun único criterio de adxudicación, tramitación ordinaria e proceder á publicación do correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como dos documentos do expediente que conteñen a información á que se refire o artigo 63.3 LCSP.

QUINTO.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita”.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE